

Ruta lineal que percorre unha parte do río Sarela augas arriba. Fácil acceso desde a cidade vella pola zona de Galeras. O paseo permite ver os diferentes usos do río na antigüidade, pasando por vellos muiños, curtidoiros, fontes e lavadoiros.

Proponse o seu inicio na **Ponte da Asén**, no **Parque das Galeras**, pola súa proximidade á cidade histórica e porque conta con zonas de aparcamento, servizos de restauración, parque infantil, etc.

Desde a **Ponte da Asén** dirixímonos augas arriba pola rúa do mesmo nome, co Sarela á nosa dereita, até chegar a un valado de pedra, onde nos metemos á dereita para pasar pola **Fonte da Ponte da Asén** e continuar á beira do río. Ao chegar á ponte, cruzámola virando á dereita e despois á esquerda, en paralelo aos **Lavadoiros de Santa Isabel** e continuamos a senda que segue o curso do río, que queda agora á nosa esquerda.

Ao chegar á **Área recreativa do Camiño de Lermo**, viramos á esquerda para chegarmos á ponte de Camiño do Lermo e, sen cruzala, continuamos o camiño co río á nosa esquerda. A uns 400 m, cando remata o camiño de terra e comeza unha pista asfaltada, a senda xira á esquerda para achegármonos de novo ao río e sae á estrada fronte ao **Muíño do Avío**, onde volve virar á esquerda para pasar pola **Fonte do Casal da Horta** e dirixirse á ponte. Despois de cruzar a ponte de **Casal da Horta**, debemos xirar á dereita para continuar a senda paralela ao río, que queda agora a man dereita, e bordear o **Muíño da Tendeira**.

Desde aí, menos de 500 m nos separan da **Ponte dos Tres Ollos**, ponte medieval ao lado da **Fundación Laboral da Construción**, antigo curtidoiro, onde se atopan tamén a **Fonte e Lavadoiro da Ponte Pedriña de Arriba** e as ruínas do **Muíño da Ponte Pedriña de Arriba**.


Ao volver á Ponte da Asén podemos prolongar o paseo coa senda 02 Río Sarela Abaixo, que nos guía polo curso do río ata Ponte Sarela.



sendas

de Santiago de Compostela

Río Sarela arriba >>



sendas próximas

- 02. << Río Sarela abaixo
- 03. Finca do Espiño > Selva Negra > Granxa do Xesto
- 04. Monte Pedroso
- Xiro dos Montes "Monte de Deus – Monte Pedroso – Monte de Vidán"



ten en conta



> Roupas e calzado apropiados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e máis tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradías.



> Mantén limpa a contorna e respecta a biodiversidade.


> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en sendas@santiagoturismo.com

distancia:
2,15 km

duración 1.10 h (ida e volta)
dificultade baixa



co apoio de



RUTA VIRTUAL



ruta lineal



pública familiar



apto bicis



parcialmente sinalizada



200 m 200 m



Parque da Finca do Espiño

Monte Pio

Residencia Presidencial

Lavadoiros de Santa Isabel

Nido

Ponte da Asén

Piscina municipal Santa Isabel

Parque das Galerías

Parque Vista Alegre


Area recreativa de Lermo

Muiño da Tendeira

Fonte e Lavadoiro da Ponte Pedreira de Arriba

Fundación Laboral da Construción

Ponte medieval dos Tres Ollos



- Bosque / Zona verde
- Miradoiro
- Parque / Área recreativa / Zona infantil
- Zona de Restauración
- Ponte
- Parada de autobús
- Punto de interese
- Aparcamiento